

***Resolución pola que se regulan as bases das achegas de diñeiro sen contraprestación da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo ás Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago e outras entidades sen ánimo de lucro que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación, convocatoria para o ano 2026 (código de procedemento CT300A).***

A Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo é unha entidade instrumental do sector público autonómico das contempladas no artigo 45.b) da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, con personalidade xurídica propia, patrimonio propio e autonomía na súa xestión.

De conformidade cos seus estatutos, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ten segundo se especifica no apartado c) do obxecto social desta sociedade, unha das súas principais funcións consiste nas relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago, así como con entidades que se encargan da promoción da cultura xacobeá. E no apartado d), a planificación, programación, proposta e, se é o caso, execución, de actuacións para a promoción e organización dos actos que se desenvolvan con motivo dos Anos Santos Xacobeos.

No marco das distintas liñas de actuación que promove a Axencia Turismo de Galicia, -ente que exerce a tutela da Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo- é a difusión e colaboración coas Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, da Cultura Xacobeá e a recuperación, mantemento e difusión do Camiño de Santiago.

S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO  
PRESIDENCIA DA XUNTA DE GALICIA  
Estrada Santiago Noia, km 3 (A Barcia)  
15897 Santiago de Compostela  
CIF-A15348386





Precísase dar continuidade ao fomento das asociacións xacobeas por ser as responsables, xunto coa Xunta de Galicia, do rexurdimento do Camiño de Santiago en época contemporánea. Tamén fomentan as peregrinacións organizadas polas distintas rutas xacobeas, ofrecen nas súas sedes a información máis diversa a futuros peregrinos, reparten credenciais, etc. Ao mesmo tempo, son o case exclusivo mecanismo de fomento da hospitalidade no Camiño, un factor diferencial histórico do mesmo, e sustentan cos seus asociados numerosos centros de documentación e estudo e albergues de peregrinos, cuxas estratexias de funcionamento e acollida serviron de base tanto para os albergues públicos, como privados, en servizo no presente nas diversas rutas xacobeas.

É necesario fomentar a estabilidade e consolidación das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago e daquelas outras entidades que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago, como entidades imprescindibles no fomento da peregrinación xacobeas, na acollida e hospitalidade no Camiño de Santiago e na promoción da cultura xacobeas.

Neste xeito, a Axencia Turismo de Galicia e a Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo -como entidade dependente funcionalmente de dita Axencia- consideran clave a colaboración a distintos niveis coas devanditas entidades, pois son historicamente o máis relevante factor de dinamización desde a sociedade civil do Camiño de Santiago.

As principais liñas de actuación das asociacións de amigos do Camiño de Santiago, federacións e outras entidades sen ánimo de lucro que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago a súa peregrinación, pódense resumir nos seguintes puntos: organización e xestión dos hospitaleiros voluntarios, información sobre o Camiño e a súa recuperación, investigación promoción e publicacións, exposicións, congresos, xornadas, potenciación e investigación do Camiño de Santiago e de a cultura xacobeas.





Polo exposto,

## **1. Obxecto, finalidade, principios de xestión e ámbito de aplicación**

1.1. Establécense as bases reguladoras das axudas a Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago (Código de procedemento **CT300A**) e aquelas outras entidades sen ánimo de lucro que teñan como finalidade a promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación, co obxecto de fomentar a súa estabilidade e consolidación, como entidades imprescindibles no fomento da peregrinación xacobeá, na acollida e hospitalidade no Camiño de Santiago e na promoción da cultura xacobeá.

O obxectivo destas entregas de diñeiro será a da difusión e a promoción do Camiño de Santiago e da cultura xacobeá, e do fomento da peregrinación a Compostela e do Ano Santo Xacobeo 2027.

## **2. Compatibilidade das axudas**

2.1. Estas axudas son incompatibles con outras entregas de diñeiro para o mesmo proxecto por parte da Xunta de Galicia, ou de calquera outro organismo dependente.

2.2. Porén, estas axudas son compatibles con axudas doutras administracións e entidades públicas ou privadas, e con outros ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

A suma das distintas axudas públicas e privadas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade non pode superar o 100 % do custo da actividade á que se destinan as axudas, reducíndose a axuda concedida segundo estas bases na mesma proporción que se supere o 100% do custe da actuación obxecto destas axudas.

## **3. Entidades Beneficiarias das axudas**

3.1. Poderán solicitar as axudas as Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago, e outras entidades sen ánimo de lucro que teñan como finalidade a





promoción do Camiño de Santiago e a súa peregrinación, legalmente constituídas, e que teñan como obxecto principal o desenvolvemento de accións relacionadas co Camiño de Santiago e a peregrinación xacobeá.

3.2. Non poderán obter a condición de beneficiarias entidades nas que conorra algunha das prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable das entidades solicitantes.

3.3. Non se permitirá a presentación de solicitudes conxuntas por varias entidades.

3.4. Cada entidade só poderá presentar un proxecto ao abeiro das bases desta convocatoria.

#### **4. Requisitos dos proxectos**

4.1 Para poder obter axuda, os proxectos presentados deberán reunir os seguintes requisitos:

a) O proxecto debe estar tecnicamente completo, de xeito que a documentación que se achegue xustifique e explique suficientemente a súa formulación.

b) Deberá fundamentar a súa necesidade social ou insuficiencia de cobertura, no caso da existencia de programas públicos ou privados desenvolto coa mesma finalidade.

c) O proxecto deber ser viable, tanto en termos de execución económica como social.

d) Deberá contar cunha capacidade técnica, organizativa e de xestión axeitada para levar a cabo o proxecto a realizar.





e) Valorarase a implantación dun sistema de control e avaliación das actividades propias da entidade, mediante o establecemento de indicadores que permitan medir o grao de cumprimento dos obxectivos.

#### 4.2. Proxectos obxecto das axudas:

a) Promoción do Camiño de Santiago nos territorios das distintas asociacións xacobeas. A través de proxectos que fomenten e divulguen o feito histórico e actual da peregrinación a Compostela e a cultura xacobeas.

b) Fomento dos centros de interpretación e información do Camiño de Santiago e da cultura xacobeas.

c) Fomento da acollida e a hospitalidade xacobeas.

d) Organización de congresos, seminarios e conferencias.

e) Organización de exposicións.

f) Organización de concertos.

g) Edición de libros, revistas, guías, folletos e material divulgativo, en soporte en papel e/ou dixital.

h) Creación de novos contidos web sobre o Camiño de Santiago.

i) Dixitalización de fondos documentais, bibliográficos e cartográficos.

j) Peregrinacións escolares, solidarias e que fomenten a integración das persoas con algún tipo de discapacidade.

k) Organización de actividades de promoción e difusión do Xacobeo 2027.

#### 4.3. Non serán obxecto das axudas:

a) Andainas, comidas e aloxamento que, non formando parte do proxecto presentado ao abeiro destas bases, teñan como participantes aos membros das asociacións ou entidades.





- b) Asistencia dos membros da asociación ou entidade a simposios, reunións, feiras ou congresos que teñan como finalidade a mera asistencia aos eventos.
- c) Aquelas que teñan como finalidade o financiamento dos gastos correntes da asociación, aluguer de locais, subministracións, etc.
- d) O imposto sobre o valor engadido e os impostos de natureza similar.
- e) Os proxectos que supoñan un investimento para a entidade beneficiaria.
- f) Non se admitirán proxectos análogos presentados por varias entidades por separado, ou que supoñan un fraccionamento parcial, tanto territorial como de execución.
- g) Calquera outro non vinculado directamente coa actividade obxecto da axuda e os gastos non subvencionables, de acordo co establecido no artigo 29 da Lei de Subvencións de Galicia.

## 5. Importe e límites das axudas

5.1. O importe máximo para o financiamento das axudas incluídas nesta convocatoria para o ano 2026 é de 300.000€, con cargo á partida orzamentaria correspondente ás subvencións á explotación (Capítulo IV), partida orzamentaria **04.A2.761A.441.11**

5.2. O límite de axuda por entidade é de 10.000€, segundo os criterios establecidos na base 14.

5.3. Cada entidade non poderá presentar máis dunha solicitude ao abeiro destas bases.

## 6. Prazo e forma de presentación de solicitudes

6.1. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no Diario Oficial de Galicia. Entenderase como último día do prazo o correspondente





ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houberse equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

6.2. As solicitudes presentaranse obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>.

De conformidade co artigo 68.4 da lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, se algunha das persoas interesadas presenta a súa solicitude presencialmente, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación da solicitude aquela na que fose realizada a emenda.

Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

6.3. Excepcionalmente, no caso de entidades estranxeiras que non dispoñan de mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, poderán presentar as solicitudes presencialmente, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, tendo en conta que as entidades destinatarias destas subvencións poden estar situadas en múltiples países con niveis de desenvolvemento tecnolóxico moi diferentes, constituídas de acordo coa lexislación aplicable en cada un e con características legais, técnicas e funcionais distintas non asimilables á situación vixente en Galicia, que imposibilitan ou impiden a presentación electrónica de solicitudes. O medio de presentación elixido





manterase para calquera tipo de relación coa Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo ata que remate o procedemento.

6.4. O defecto na solicitude seralles notificado aos/ás interesados/as e daráselles un prazo de dez días hábiles para emendaren os erros ou omisións. No requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixeren, se terán por desistidos da súa petición, logo de ditarse a correspondente resolución.

Sen prexuízo do establecido no punto anterior, poderá requirirse ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

6.5. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria achegaranse á comisión de valoración encargada da súa valoración, de acordo co establecido nestas bases.

6.6. Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de non admisión, na que se indicarán as causas desta.

## **7. Documentación complementaria.**

7.1. As persoas interesadas deberán achegar coa solicitude (Anexo I) a seguinte documentación:

a) Escritura de válida constitución da Asociación ou Entidade co seu obxecto social. Os solicitantes estranxeiros deberán achegar a documentación equivalente que acredite a condición de asociación conforme as exixencias da lexislación vixente no país do solicitante.

b) Poder de representación da persoa representante.





- c) Memoria descriptiva do proxecto presentado.
- d) Presentación da relación de gastos previstos no proxecto presentado. Anexo IV. Os importes presentaranse en euros. Non se admitirán os gastos que non figuren nesta relación. Os orzamentos deberán presentar o desagregado da base imponible e o IVE de cada partida do orzamento.
- e) No caso de asociacións ou entidades estranxeiras, documento equivalente ao NIF da entidade solicitante.
- f) No caso de asociacións ou entidades estranxeiras documento equivalente ao DNI ou NIE da persoa representante.
- g) No caso de asociacións ou entidades estranxeiras deberán presentar un certificado de residencia fiscal emitido polas autoridades competentes do seu país de residencia (artigo 10º.4 do Decreto 11/2009) acompañado da súa tradución legal ao galego ou español.

De conformidade co artigo 28.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, non será necesario achegar os documentos que xa foran presentados anteriormente pola entidade interesada ante calquera Administración. Neste caso, a entidade interesada deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou ditos documentos, que serán conseguidos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, agás que conste no procedemento a oposición expresa da entidade interesada.

De forma excepcional, se non se puideran obter os citados documentos, poderá solicitarse novamente á entidade interesada a súa achega.

7.2. A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Sociedade poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.





Se algunha das persoas interesadas presenta a documentación complementaria de forma presencial, requiriráselle para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela na que fose realizada a emenda.

Excepcionalmente, no caso de entidades estranxeiras que non dispoñan de mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, poderán presentar a documentación presencialmente, en calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, utilizando o formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, <https://sede.xunta.gal>, tendo en conta que as entidades destinatarias destas subvencións poden estar situadas en múltiples países con niveis de desenvolvemento tecnolóxico moi diferentes, constituídas de acordo coa lexislación aplicable en cada un e con características legais, técnicas e funcionais distintas non asimilables á situación vixente en Galicia, que imposibilitan ou impiden a presentación electrónica de solicitudes. O medio de presentación elixido manterase para calquera tipo de relación coa Sociedade Anónima de Xestión do Plan Xacobeo ata que remate o procedemento.

7.3. Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude deberase indicar o código e o órgano responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número de expediente se se dispón del.

7.4. No caso de que algún dos documentos a presentar de forma electrónica superase os tamaños máximos establecidos ou tivera un formato non admitido pola sede electrónica da Xunta de Galicia, permitirase a presentación deste de forma presencial dentro dos prazos previstos e na forma indicada no parágrafo anterior. A información actualizada sobre o tamaño máximo e os formatos admitidos pode consultarse na sede electrónica da Xunta de Galicia.





## 8. Comprobación de datos

8.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas Administracións públicas, agás que a entidade interesada se opoña a súa consulta:

- a) NIF da entidade solicitante.
- b) NIF da entidade representante.
- c) DNI ou NIE da persoa representante.
- d) Certificado de cumprimento das obrigas tributarias ca AEAT.
- e) Certificado de estar ao corrente de pago da Seguridade Social.
- f) Certificado de cumprimento das obrigas tributarias ca facenda autonómica da Xunta de Galicia.
- g) Comprobación de subvencións e axudas públicas concedidas.
- h) Consulta de inhabilitacións para obter subvencións e axudas.

8.2. No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán indicalo no recadro correspondente habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos.

Cando así o exixa a normativa aplicable solicitarase o consentimento expreso da persoa interesada para realizar a consulta.

8.3. Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase a obtención dos citados datos poderase solicitar ás persoas interesadas a presentación dos documentos correspondentes.

8.4. No caso de asociacións ou entidades estranxeiras a documentación relacionada nas liñas a) e b) do Artigo 8.1 substituirase pola presentación de documento equivalente.





8.5. No caso de asociacións ou entidades estranxeiras a documentación relacionada nas nas liñas c), d), e e) do Artigo 8.1 deberá substituírse por unha declaración responsable que certifique que se atopan ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias recollidas nestes apartados (Anexo VI).

## 9. Notificacións

9.1. As notificacións de resolucións e actos administrativos practicaranse só por medios electrónicos, nos termos previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

9.2. De conformidade co artigo 45.2 da Lei 4/2019, de 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, as notificacións electrónicas realizaranse mediante o Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal- dispoñible a través da sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>). Este sistema remitirá ás persoas interesadas avisos da posta a disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

9.3. De conformidade co artigo 47 da Lei 4/2019, de 17 de xullo, da administración dixital de Galicia, as persoas interesadas deberán crear e manter o seu enderezo electrónico habilitado único a través do Sistema de Notificación Electrónica de Galicia - Notifica.gal, para todos os procedementos administrativos tramitados pola Administración xeral e do sector público autonómico. En todo caso, a Administración xeral poderá de oficio crear o indicado enderezo, aos efectos de asegurar o cumprimento polas persoas interesadas da súa obriga de relacionarse por medios electrónicos.

9.4. As notificacións entenderanse practicadas no momento no que se produza o acceso ao seu contido, entendéndose rexeitada cando





transcorresen dez días naturais desde a posta a disposición da notificación sen que se acceda ao seu contido.

9.5. Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, a Administración xeral e do sector público autonómico practicará a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, en concordancia co disposto no art. 6.3.

## **10. Trámites administrativos posteriores á presentación da solicitude**

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento deberán ser realizados electronicamente accedendo á Carpeta Cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia, salvo os casos de imposibilidade de conformidade co disposto no art. 6.3.

## **11. Transparencia e bo goberno**

11.1. Deberá darse cumprimento ás obrigas de transparencia contidas no artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 5.2 da Lei 9/20007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

11.2. En virtude do disposto no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, as persoas físicas e xurídicas beneficiarias de subvencións están obrigadas a subministrar á Administración, ao organismo ou á entidade das previstas no artigo 3.1 da Lei 1/2016 á que se atopen vinculadas, previo requirimento, toda a información necesaria para o cumprimento por aquela das obrigas previstas no Título I da citada lei.

## **12. Procedemento de concesión das axudas e órganos competentes**

12.1. A concesión das axudas realizarase a través dun procedemento de concorrencia competitiva, no que as solicitudes se avaliarán por unha comisión de avaliación, segundo os criterios establecidos a continuación.





A asignación das contías farase en proporción á puntuación recibida e ao orzamento solicitado, sen exceder os límites establecidos por entidade nestas bases.

A axuda que se conceda calcularase sobre o orzamento que sexa obxecto das bases desta convocatoria, non sobre o orzamento presentado de ser distinto ao elixible.

12.2. Actuará como instrutor do procedemento a Área da Cultura Xacobeá, e correspóndelle realizar de oficio cantas actuacións considere necesarias para a determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales se concedan as axudas. En particular, terá atribuídas especificamente as seguintes funcións:

- a) Examinar as solicitudes e documentación presentadas.
- b) Requirir das persoas solicitantes a emenda ou achega da documentación que resultase de obrigado cumprimento.
- c) Formular a proposta de resolución das solicitudes aceptadas, debidamente motivada.

12.3. Co fin de facilitar unha mellor avaliación das solicitudes, poderáselles pedir información complementaria aos interesados, así como a outros servizos da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ou profesionais ou expertos consultados. En todo caso, a Dirección da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo poderá requirir aos solicitantes para que proporcionen calquera información aclaratoria que resulte necesaria para a xestión da súa solicitude.

12.4. A Dirección da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo será o órgano competente para a concesión destas axudas.

### **13. Prazo de resolución**

13.1. Resolveranse no prazo máximo de tres meses, a contar dende a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.





Ao vencemento do prazo máximo sen que sexa notificada a resolución lexitima aos interesados entenderase desestimada por silencio administrativo.

#### **14. Comisión e criterios de valoración**

14.1. A comisión de valoración estará constituída por:

a) Presidente: Xefe da Área de Cultura Xacobeá da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo

b) Vogais :

- Xefa da Área Xurídica e de Contratación da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo
- Un representante da Axencia Turismo de Galicia

Secretario/a: Unha persoa do cadro de persoal da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, sen dereito a voto, que fará as funcións de secretario/a.

14.2. A comisión de valoración avaliará as solicitudes consonte os criterios de valoración establecidos nestas bases. Emitirá un informe relacionando os proxectos examinados por orde de prelación, indicando a puntuación asignada a cada un deles, e indicando o importe da concesión da axuda que corresponde.

No caso de que dous ou mas proxectos acaden a mesma puntuación terán prioridade as entidades que teñan a súa data de fundación máis antiga.

No caso de existiren solicitudes que non figuran no informe anterior por razón do baremo aplicado ao terse esgotado o crédito dispoñible, a comisión poderá emitir propostas sucesivas, ben por dispor de crédito por producirse algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a estas axudas.





14.3. Aos efectos da súa valoración establécense os seguintes criterios.

**Criterios de valoración. Máx. 100 Puntos.**

<b>Calidade e orixinalidade do proxecto presentado</b>	Calidade e orixinalidade (ata 10 puntos)	Ata 25
	Argumentación dos contidos presentados (ata 10 puntos)	
	Estudiosos/investigadores vencellados ao proxecto (ata 5 puntos)	
<b>Viabilidade técnica e económica do proxecto presentado</b>	Garantías de continuidade no tempo (5 puntos)	Ata 15
	Plan de viabilidade (10 puntos)	
<b>Difusión territorial do proxecto presentado</b>	Difusión Autonómica (5 puntos)	Ata 15
	Difusión Nacional (10 puntos)	
	Difusión internacional (15 puntos)	
<b>Participación doutras entidades, públicas ou privadas, no desenvolvemento do proxecto</b>	Dúas entidades implicadas (3 puntos)	Ata 10
	Tres entidades (5 puntos)	
	Máis de tres entidades (10 puntos)	
<b>Número de actuacións que se van a realizar no proxecto</b>	Unha actuación (5 puntos)	Ata 10
	Dúas actuacións (7 puntos)	
	Máis de dúas actuacións (10 puntos)	
<b>Accesibilidade dixital aos contidos do proxecto e/ou Creación de novos contidos Web</b>	Accesibilidade (3 puntos)	Ata 15
	Contidos nun idioma (5 puntos)	
	Contidos en dous idiomas ou máis (7 puntos)	
<b>Promoción do Xacobeo 2027</b>	Valorarase que o proxecto presentado fomente a difusión do Ano Santo 2027	Ata 10

14.4. Para obter axuda debe acadarse unha puntuación mínima de 50 puntos. O importe da axuda determinarase aplicando ao orzamento presentado, ou ao elixible de ser distinto ao presentado, a mesma proporción que a puntuación que se obteña (se se obteñen 70 puntos a axuda será do 70% do orzamento presentado).





14.5. Unha vez entregado o informe preceptivo por parte da comisión de valoración, o instrutor ditará unha proposta de resolución e indicará de xeito motivado a relación de entidades ás que se conceden axudas e o importe das mesmas. De ser o caso, contará cunha lista de agarda das solicitudes admitidas que non acadasen subvención polo esgotamento do orzamento dispoñible.

A lista de agarda presentará un orde, consonte á súa puntuación acadada, se por aplicación dos criterios de valoración dúas ou máis solicitudes acadan igual puntuación e non existe crédito suficiente para atendelas todas, atenderanse aquelas solicitudes cuxo importe solicitado sexa menor.

Así mesmo, indicárase de forma motivada a relación de proxectos para os que non se propón a concesión da axuda, por falta de documentación ou por non reunir os requisitos.

14.6. No suposto de que algunha entidade beneficiaria renuncie á axuda concedida, decaia no dereito á súa percepción ou proceda o reintegro de acordo co previsto nestas bases e na normativa que resulte de aplicación, os créditos liberados poderán asignarse por orde decrecente de puntuación aos proxectos admitidos que non obtivesen axuda por esgotamento do crédito previsto. Actuarase de igual xeito cando, por razóns de dispoñibilidade orzamentaria, se acorde incrementar o crédito máximo inicialmente previsto nesta convocatoria.

14.7. A proposta de resolución seralle notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días hábiles, poidan formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que coiden pertinentes.

14.8. Porén, poderase prescindir do trámite a que se refire o punto anterior cando non figuren no procedemento nin se vaian ter en conta na resolución outros feitos, nin outras alegacións ou probas, que as aducidas polo interesado. Neste caso, a proposta de resolución formulada terá o carácter de definitiva.





## 15. Réxime de recursos

Será competente para coñecer dos recursos que se interpoñan contra as resolucións ditadas no ámbito destas bases, a xurisdición civil, resultando competentes os tribunais do lugar da sede da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

## 16. Aceptación e renuncia

16.1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, as entidades propostas como beneficiarias disporán dun prazo de dez días hábiles para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se producise manifestación expresa en contra, entenderase tacitamente aceptada.

16.2. A renuncia á axuda poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como Anexo II así como por calquera outro medio que permita a súa constancia.

No caso de que se comunicase a renuncia en prazo, a persoa titular da Dirección da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ditará resolución expresa.

## 17. Xustificación e pagamento da axuda concedida

17.1. O prazo de xustificación das presentes axudas remata o **15 de novembro de 2026**.

17.2. Gastos obxecto da axuda: só se admitirán como gastos subvencionables os efectivamente pagados con anterioridade ao remate da xustificación, que indubidablemente sexan custos vinculados ao desenvolvemento do proxecto de programación presentado con data comprendida **entre 1 de xaneiro de 2026 ata o 15 de novembro de 2026**.

17.3. Non serán obxecto das axudas os gastos relativos a:

- Ao imposto sobre o valor engadido, así como os impostos de natureza similar que sexan recuperables ou compensables pola entidade.





- Gastos que non estean soportados pola correspondente factura emitida a nome da entidade beneficiaria da axuda.
- Facturas que non estean emitidas a nome da entidade beneficiaria.
- Pagos efectuados por membros da entidade beneficiaria da axuda. O pago debe estar realizado pola entidade beneficiaria da axuda.
- Pagos de honorarios, facturas e dietas efectuados a membros da entidade beneficiaria da axuda.
- A calquera outro non vinculado directamente coa actividade obxecto da axuda.
- Os establecidos no punto 4.2 destas bases.

17.4. No caso de liberación de créditos, o prazo de xustificación para os proxectos en lista de agarda para os que exista crédito suficiente, rematará o **15 de decembro de 2026**. Admitiranse a estes efectos os gastos efectivamente pagados con anterioridade ao remate da xustificación, que indubidablemente sexan custos vinculados ao desenvolvemento do proxecto de programación presentado con data comprendida entre **1 de xaneiro de 2026** ata o **15 de decembro de 2026**.

17.5. As entidades beneficiarias deberán entregar a seguinte documentación xustificativa:

- a) Presentación da solicitude de cobramento (Anexo III) debidamente completado.
- b) Memoria xeral da actividade realizada, segundo o orzamento presentado coa solicitude.
- c) Copia das facturas emitidas a nome da entidade dos gastos realizados e imputados ao orzamento presentado na solicitude.





d) Recibos bancarios, firmados e selados pola entidade bancaria, acreditativos da realización dos pagamentos correspondentes a todos os gastos imputados ao orzamento presentado na solicitude. Non se admitirán pagamentos en efectivo. Nin os xustificantes que non permitan identificar a factura e o proveedor que se está pagando.

e) Os soportes visuais, gráficos ou sonoros (catálogos, programas, carteis, vídeos, etc.) empregados para a difusión e promoción da actividade beneficiaria; na medida en que non sexa posible presentala electronicamente esta documentación deberá achegarse ao rexistro da Sociedade ou ben no Rexistro da Axencia Turismo de Galicia.

f) Presentación da relación de gastos realizados. Anexo V. Os importes presentaranse en euros. Non se admitirán os gastos que non figuren nesta relación.

g) As entidades beneficiarias que presenten as facturas e os correspondentes xustificantes bancarios nun idioma que non sexa o galego ou o castelán, deberán achegar unha declaración responsable coa tradución de ditos documentos ao galego ou ao castelán, debidamente identificadas.

17.6. No suposto de que o importe correctamente xustificado sexa inferior ao orzamento presentado coa solicitude, a contía da axuda reducirase proporcionalmente.

17.7. A falta de presentación da xustificación nos prazos establecidos ou a concorrencia dalgunha das causas de reintegro previstas no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da axuda, a esixencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso ditarase a oportuna resolución.

17.8. O pagamento das axudas farase efectivo unha vez presentada a documentación xustificativa máis arriba establecida.





17.9. Cando a entidade beneficiaria da axuda poña de manifesto na xustificación que se produciron alteracións das condicións tidas en conta para a concesión desta, que non alteren esencialmente a natureza ou os obxectivos da axudas, e que puidesen dar lugar a modificación da resolución conforme ao establecido no artigo 14.1 m) da Lei de subvencións de Galicia, o órgano concedente da axuda poderá aceptar a xustificación presentada, sempre e cando tal aceptación non supoña danar dereitos de terceiros.

Esta aceptación por parte do órgano concedente non exime ao beneficiario das sancións que poidan corresponderlle conforme a citada Lei de subvencións de Galicia.

## **18. Obrigas específicas asumidas polas entidades beneficiarias**

A entidade obxecto da axuda asume a obriga de cumprir estas bases, e en concreto, as obrigas seguintes:

18.1. Cumprir o obxectivo e realizar a actuación obxecto da axuda.

18.2. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e das condicións, así como a realización da actividade e o cumprimento da finalidade que determine a concesión ou o gozo da axuda.

18.3. Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, ás de control financeiro que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas, ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

18.4. Comunicar a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. Estas comunicacións deberanse efectuar tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.





18.5. As entidades beneficiarias deberán dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos na lexislación mercantil e sectorial aplicable coa finalidade de garantir o exercicio adecuado das facultades de comprobación e control; así mesmo deberán conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos.

18.6 Dar adecuada publicidade do carácter público do financiamento das actuacións, facendo constar os logotipos da S. A. de Xestión do Plan Xacobeo e da Xunta de Galicia en todos os elementos de difusión relacionados coa actividade obxecto das axudas. Ditos logotipos deberán aparecer dende a data da comunicación da aprobación da axuda.

18.7. Con anterioridade a ditarse a proposta de resolución da concesión deberán estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pago algunha outra débeda coa Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia de conformidade co disposto no artigo 8.

18.8. Proceder ao reintegro das axudas nos seguintes casos:

- a) Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.
- b) Obtención da axuda sen reunir os requisitos esixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.
- c) Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a axuda.
- d) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras





axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera Administración ou ente público ou privado.

- e) Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención aplicable a Sociedade convocante.

## **19. Xurisdición**

A xurisdición aplicable é a xurisdición civil someténdose as partes aos Tribunais onde a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ten a súa sede.

## **20. Modificación da resolución**

20.1. A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo ten a facultade de revisar as axudas concedidas e modificar a resolución de concesión no caso de alteración das condicións tidas en conta para a concesión da axuda.

20.2. A entidade beneficiaria ten a obriga de solicitar á S.A. de Xestión do Plan Xacobeo a aceptación de calquera modificación ou alteración relevante ou significativa sobre o proxecto subvencionado.

20.3. A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo poderá acordar, motivadamente, a modificación da resolución de concesión, coa minoración proporcional derivada das alteracións.

## **21. Reintegro**

O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, de ser o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as axudas percibidas, así como os xuros de demora correspondentes, nos supostos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.





## **22. Publicidade**

Estas bases publicaranse no Diario Oficial de Galicia, así como na portal da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo. Así mesmo serán obxecto de publicación as axudas concedidas, ao abeiro do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

A publicación das axudas concedidas substituirá a súa notificación individual ás entidades beneficiarias.

Así mesmo, estarase ao disposto no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

## **23. Remisión normativa**

Estas bases dítanse en cumprimento dos principios de xestión contidos no artigo 5.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e os de información aos que fai referencia o artigo 16 da citada Lei, aplicables a estas axudas en virtude do disposto no artigo 1.2 da devandita norma.

Supletoriamente, estarase ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e finalmente a regulación das doazóns modais do Código Civil, artigos 618 e seguintes.

## **24. Información ás persoas interesadas**

Sobre esta convocatoria poderase obter documentación normalizada ou información adicional na S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, a través dos seguintes medios:

a) Na sede electrónica no enderezo: <https://sede.xunta.gal>





b) Páxina web:

<https://www.turismo.gal/espazo-institucional/xacobeo/convocatorias>

c) Correo electrónico: [cultura.xacobeo@xunta.gal](mailto:cultura.xacobeo@xunta.gal)

d) Presencialmente

## **25. Disposición adicional. Datos de carácter persoal**

De acordo co establecido no artigo 14, letra ñ), da Lei 9/2007s do 13 de xuño, de subvencións de Galicia as persoas beneficiarias quedan informadas cos datos consignados no modelo normalizado de solicitudes dos aspectos básicos previstos no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento dos seus datos persoais e á libre circulación destes datos (RXPd), e na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais.

Santiago de Compostela, á data da sinatura dixital

Asinado dixitalmente

Ildefonso de la Campa Montenegro

Director de Administración e Relacións coas  
Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago  
S.A. de Xestión do Plan Xacobeo

